

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I0MR	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 22-04-16 11:11

Número 2 .- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do documento refundido da Modificación puntual do Plan de sectorización do SUNP-25 (Roxos).

Destinatario

15078DCMG10I0MRH
²15078DCMG10I0MRH:»
²15078DCMG10I0MRH:»

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 22 de abril de 2016 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 2 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE ESPAZOS CIDADÁNS, DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE RELATIVA Á APROBACIÓN DO DOCUMENTO REFUNDIDO DA MODIFICACION PUNTUAL DO PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SUNP-25 (ROXOS).

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela do informe-proposta, de data 11 de abril de 2016, da xefa da sección de Xestión Urbanística, conformado coa mesma data polo concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, do seguinte teor literal:

“Con data 26 de xuño de 2015 a Xunta de Goberno aprobou inicialmente a Modificación puntual do Plan de sectorización do SUNP-25 (Roxos), promovida pola Xunta de Compensación do polígono, segundo o proxecto presentado o día 22 de maio de 2015.

En xullo de 2015, e a fin de dar cumprimento ao esixido polo artigo 10.3 do Real decreto legislativo 2/2008 -daquela vixente-, requiriuse da Xunta de Compensación que achegase a seguinte documentación complementaria:

- *A fin de dar cumprimento ao esixido polo artigo 10.3 do RD legislativo 2/2008, **plano parcelario sobre cartografía catastral** no que haberán de identificarse con claridade as distintas parcelas catastrais afectadas pola Modificación*

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I0MR	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 22-04-16 11:11

proposta, tanto a de uso hoteleiro como as incluídas no ámbito de aplicación das ordenanzas de vivenda unifamiliar R1 e R2.

- *Relación de todas as parcelas catastrais incluídas no ámbito do SUNP-25, identificadas pola súa referencia catastral, con indicación do seu titular segundo Catastro e enderezo para os efectos de notificación.*

Con data 2 de decembro de 2015 achegouse ao expediente documento refundido da Modificación, no que se inclúe a documentación anteriormente requirida.

Posteriormente, con data 21 de marzo de 2016, presentouse un novo documento refundido no que se inclúe como anexo a relación de parcelas e propietarios catastrais afectados pola Modificación.

Dado o tempo transcorrido dende a adopción do acordo de aprobación inicial, e considerando que no momento actual está en vigor a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), que amplía o período de exposición pública do planeamento de desenvolvemento a dous meses, parece aconsellable someter á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro. Aprobar o documento refundido da Modificación puntual do Plan de sectorización do SUNP-25 (Roxos), presentado con data 21 de marzo de 2016 pola Xunta de Compensación do SUNP-25 en Roxos, no que se integra a relación das parcelas e propietarios catastrais afectados pola Modificación proposta.

Segundo. Ao abeiro do previsto polo apartado 2 da disposición transitoria segunda da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, continuar a tramitación do expediente segundo o procedemento regulado polo artigo 75 da nova Lei.

En consecuencia, e de conformidade co que dispón o artigo 75.1.a) da LSG, **o expediente someterase a información pública durante o prazo de DOUS MESES**, mediante anuncio que para o efecto se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia. Así mesmo, practicarase notificación persoal aos propietarios das parcelas afectadas segundo figuran no Catastro, e publicarase edicto no Boletín Oficial do Estado para os efectos de que serva de notificación a aqueles propietarios que non puideran ser citados persoalmente, segundo prevé o artigo 59.5 da Lei

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I0MR	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 22-04-16 11:11

30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A documentación sometida a información pública incluíra o documento inicialmente aprobado e o refundido presentado o 21 de marzo de 2016, así como o resumo executivo esixido polo artigo 25.3 do Real decreto legislativo 7/2015.

Incluírase así mesmo o Documento de inicio remitido ao órgano ambiental, presentado polo promotor con data 7 de novembro de 2014, e a Decisión sobre a non necesidade de sometemento a avaliación ambiental estratéxica.

Así mesmo, e para os efectos do disposto polo artigo 25.3 do RD legislativo 7/2015 -que substitúe ao antigo 10.3 do Real decreto legislativo 2/2008- na documentación sometida a información pública, **incluírase un resumo executivo co seguinte teor:**

1. A Modificación afecta á redacción das ordenanzas H, R1 e R2 do vixente Plan de sectorización do SUNP-25 (Roxos) -aprobado definitivamente o 19 de maio de 2006- e cuxa regulación se contén nos artigos 15, 12 e 13 da normativa publicada no Boletín Oficial da Provincia do día 24 de xullo de 2006.
2. As parcelas afectadas pola Modificación figuran identificadas coa súa referencia catastral e localización no documento presentado o 21 de marzo de 2016 (plano C.01)
3. No ámbito da ordenanza H -parcela catastral 2077706NH3427E0000BQ- o obxecto da Modificación é ampliar os usos autorizados polo artigo 15 da normativa vixente do Plan de sectorización, no senso de permitir, ademais do hoteleiro, os seguintes usos dotacionais, de titularidade pública ou privada: asistencial, sanitario, docente, sociocultural, deportivo, relixioso e institucional-administrativo. Así mesmo, incorpórase a ordenación resultante do Estudo de detalle aprobado polo Concello o 26 de novembro de 2009, que poderá ser adaptado ou revisado a través dun novo Estudo de detalle segundo a normativa de aplicación.
4. No ámbito das restantes parcelas afectadas -ordenanzas de vivenda unifamiliar R1 e R2- modifícanse as *Condicións de proxecto* reguladas nos artigos 12 e 13 da normativa a fin de permitir a redacción dun Estudo de detalle que asegure a coherencia e integración do conxunto, con carácter alternativo ou opcional á aprobación dun proxecto único de edificación de cada unha das illas definidas no Plan.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I0MR	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 22-04-16 11:11

5. Dado o contido e alcance da Modificación proposta, a súa aprobación inicial non impide o outorgamento das licenzas que resulten conformes coas determinacións do planeamento vixente (Plan de sectorización e Estudo de detalle)."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

Primeiro. Aprobar o documento refundido da Modificación puntual do Plan de sectorización do SUNP-25 (Roxos), presentado con data 21 de marzo de 2016 pola Xunta de Compensación do SUNP-25 en Roxos, no que se integra a relación das parcelas e propietarios catastrais afectados pola Modificación proposta.

Segundo. Ao abeiro do previsto polo apartado 2 da disposición transitoria segunda da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, continuar a tramitación do expediente segundo o procedemento regulado polo artigo 75 da nova Lei.

En consecuencia, e de conformidade co que dispón o artigo 75.1.a) da LSG, **o expediente someterase a información pública durante o prazo de DOUS MESES**, mediante anuncio que para o efecto se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia. Así mesmo, practicarase notificación persoal aos propietarios das parcelas afectadas segundo figuran no Catastro, e publicarase edicto no Boletín Oficial do Estado para os efectos de que serva de notificación a aqueles propietarios que non puideran ser citados persoalmente, segundo prevé o artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A documentación sometida a información pública incluírá o documento inicialmente aprobado e o refundido presentado o 21 de marzo de 2016, así como o resumo executivo esixido polo artigo 25.3 do Real decreto legislativo 7/2015.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I0MR	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 22-04-16 11:11

Incluirase así mesmo o Documento de inicio remitido ao órgano ambiental, presentado polo promotor con data 7 de novembro de 2014, e a Decisión sobre a non necesidade de sometemento a avaliación ambiental estratéxica.

Así mesmo, e para os efectos do disposto polo artigo 25.3 do RD legislativo 7/2015 -que substitúe ao antigo 10.3 do Real decreto legislativo 2/2008- na documentación sometida a información pública, **incluirase un resumo executivo co seguinte teor:**

1.- A Modificación afecta á redacción das ordenanzas H, R1 e R2 do vixente Plan de sectorización do SUNP-25 (Roxos) - aprobado definitivamente o 19 de maio de 2006- e cuxa regulación se contén nos artigos 15, 12 e 13 da normativa publicada no Boletín Oficial da Provincia do día 24 de xullo de 2006.

2.- As parcelas afectadas pola Modificación figuran identificadas coa súa referencia catastral e localización no documento presentado o 21 de marzo de 2016 (plano C.01)

3.- No ámbito da ordenanza H -parcela catastral 2077706NH3427E0000BQ- o obxecto da Modificación é ampliar os usos autorizados polo artigo 15 da normativa vixente do Plan de sectorización, no senso de permitir, ademais do hoteleiro, os seguintes usos dotacionais, de titularidade pública ou privada: asistencial, sanitario, docente, sociocultural, deportivo, relixioso e institucional-administrativo. Así mesmo, incorpórase a ordenación resultante do Estudo de detalle aprobado polo Concello o 26 de novembro de 2009, que poderá ser adaptado ou revisado a través dun novo Estudo de detalle segundo a normativa de aplicación.

4.- No ámbito das restantes parcelas afectadas -ordenanzas de vivenda unifamiliar R1 e R2- modifícanse as *Condicións de proxecto* reguladas nos artigos 12 e 13 da normativa a fin de permitir a redacción dun Estudo de detalle que asegure a coherencia e integración do conxunto, con carácter alternativo ou opcional á aprobación dun proxecto único de edificación de cada unha das illas definidas no Plan.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I0MR	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 22-04-16 11:11

5.- Dado o contido e alcance da Modificación proposta, a súa aprobación inicial non impide o outorgamento das licenzas que resulten conformes coas determinacións do planeamento vixente (Plan de sectorización e Estudo de detalle).

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández